

MEMORIA DO MONUMENTO NATURAL SERRA DE PENA CORNEIRA



Novembro 2022

Este estudo foi cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), nunha porcentaxe do 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) para Galicia 2014-2020.

Estudo elaborado pola consultora **HIDRIA Ciencia, ambiente y desarrollo S.L.**

Revisado e actualizado polo **Servizo de Conservación de Espazos Naturais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.**

Data da revisión e actualización: **Novembro 2022**

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN.....	4
1. ESTUDO DE ANTECEDENTES E NORMATIVA SECTORIAL.....	4
2. ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN DO PLAN.....	16
2. DESCRICIÓN DAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO ESPAZO.....	18
1. SITUACIÓN CATASTRAL DO MONUMENTO NATURAL.....	18
2. VALORES NATURAIS DO MONUMENTO NATURAL.....	19
3. INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO.....	30
4. USOS E APROVEITAMENTOS NO ÁMBITO DO MONUMENTO NATURAL.....	32
5. ESTADO XERAL DE CONSERVACIÓN DO MONUMENTO NATURAL.....	38
6. IDENTIFICACIÓN PRELIMINAR DE PRESIÓNS E AMEAZAS.....	40
3. XUSTIFICACIÓN DA RELEVANCIA DO ESPAZO.....	42
4. RÉXIME DE PROTECCIÓN APLICABLE.....	43
5. LIÑAS BÁSICAS DO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN.....	44

1. INTRODUCCIÓN

A serra de Pena Corneira localízase na provincia de Ourense, onde abrangue 9 parroquias dos concellos de Carballada de Avia, Leiro e Avión, na comarca do Ribeiro. No ano 2008 declarouse Monumento Natural (MN), sendo o sétimo do total de oito espazos declarados baixo esta figura de protección na Comunidade Autónoma de Galicia e o de maior superficie de todos eles.

Esta serra constitúe unha prolongación ao nordés da serra do Suído. As 998 ha que conforman o espazo inclúen un macizo granítico con orientación suroeste-nordés caracterizado por unha complexa asociación de formas xeolóxicas que reúnen un interese especial pola singularidade e importancia dos seus valores científicos, culturais e paisaxísticos.

1. ESTUDO DE ANTECEDENTES E NORMATIVA SECTORIAL

Os monumentos naturais son unha categoría de espazo natural protexido definidos a nivel estatal na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (BOE núm. 299, do 14.12.2007) como “espazos ou elementos da natureza constituídos por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial”; na que se inclúen tamén “as árbores singulares e monumentais, as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos, os estratotipos e demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos”.

A Constitución Española (BOE núm. 311, do 29.12.1978), no seu artigo 149.1.23.º establece a competencia exclusiva do Estado para establecer a lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección. Así mesmo, a Lei 42/2007, do 13 de decembro establece, no seu artigo 37, que cando os espazos protexidos se atopen dentro do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, correspóndelle á ela a declaración e a determinación da fórmula de xestión.

Dentro deste marco legal, publícase no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 264/2007, do 20 de decembro (DOG núm. 13, do 18.01.2008), polo que se declara o monumento natural a serra de Pena Corneira, na provincia de Ourense. Neste decreto establécese que os usos e actividades tradicionais que non poñan en perigo os valores naturais deste espazo natural protexido poderanse seguir levando a cabo de xeito ordenado. Tamén recolle unha serie de actividades prohibidas por non resultar compatibles coa conservación dos valores naturais do espazo, exceptuando desa prohibición ás explotacións mineiras existentes con anterioridade á entrada en vigor do decreto, sempre que estean legalmente autorizadas.

A nivel autonómico, a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia (DOG núm. 149, do 07.08.2019) é a que ten por obxecto “establecer o réxime xurídico da conservación, uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade, aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.” O seu artigo 22 enumera oito categorías de espazos

naturais protexidos, sendo unha delas a de monumento natural, que no artigo 25 defínese, de forma moi similar á lei estatal, como “espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial. Considéranse tamén monumentos naturais as árbores senlleiras e monumentais, as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos, os estratotipos e os demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou a importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos”.

O artigo 49 da Lei 5/2019, do 2 de agosto define catro tipos de instrumentos de planificación dos recursos e dos espazos naturais protexidos: plans de ordenación dos recursos naturais, plans reitores de uso e xestión, plans de xestión e normas de xestión e de conservación. Á figura de monumento natural correspóndelle a aprobación dun plan de xestión.

O artigo 59 desta Lei indica que os plans de xestión establecerán o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo.

O artigo 61 da Lei 5/2019, do 2 de agosto establece que a tramitación do Plan de xestión corresponde á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural e a súa aprobación realizarase con arranxo ao disposto nos artigos 40 e 41.

Segundo o recollido na Disposición transitoria segunda da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a tramitación dos plans de xestión en espazos naturais protexidos declarados ao amparo da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza que carezan dos citados instrumentos de planificación e que non iniciasen a súa tramitación con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei, realizarase tras o acordo de inicio da persoa titular da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, mediante o procedemento sinalado no artigo 40.5 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, axustándose os contidos dos instrumentos de planificación ao previsto no artigo 60.1, no caso dos plans de xestión. O instrumento de planificación aprobarase mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.

Dado que que ese espazo xa foi declarado monumento natural mediante o Decreto 264/2007, do 20 de decembro, unicamente corresponde desenvolver a tramitación e aprobación do instrumento de planificación específico.

Así, esta memoria inicial unicamente inclúe os seguintes contidos:

- Descrición das principais características do espazo;
- Descrición dos límites do espazo e, no seu caso, da zona periférica de protección, tanto literal como cartográfica;
- Liñas básicas do instrumento de planificación.

Estes instrumentos de planificación, como dispón o artigo 50 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, “serán obrigatorios e executivos nas materias reguladas nesta lei, prevalecerán sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial, urbanístico, dos recursos naturais ou físico, incluso sobre os preexistentes, que deberán adaptarse a eles, e as súas disposicións constituirán un límite para tales instrumentos de ordenación. As previsións dos ditos instrumentos serán determinantes para calquera outra actuación, plan ou programa sectorial. As actuacións, os plans ou os programas sectoriais tan só poderán contradicir ou non acollerse ao contido destes instrumentos de planificación por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, que deberán ser acordadas polo Consello da Xunta de Galicia cando corresponda ao ámbito de competencias autonómico e que deberán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Normativa sectorial

A normativa sectorial de aplicación no ámbito do monumento natural é a seguinte:

- a) *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008):*

Esta Lei ten como obxecto o recoñecemento xurídico, a protección e xestión da paisaxe de Galicia, a fin de preservar todos os elementos que a configuran. No seu artigo 8 establécese que os instrumentos para asegurar unha idónea protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia son:

- *Catálogos da paisaxe de Galicia;*
- *Directrices da paisaxe;*
- *Estudos de impacto e integración paisaxística;*
- *Plans de acción da paisaxe.*

Os catálogos da paisaxe son os documentos de referencia nas distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e de litoral que poderán identificar determinadas zonas como "Áreas de interese paisaxístico", en función dos seus valores naturais e culturais. O catálogo da paisaxe foi aprobado mediante o Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

As directrices da paisaxe son determinacións baseadas nos catálogos da paisaxe que permiten acadar uns obxectivos de calidade paisaxística. Estas directrices foron aprobadas mediante o Decreto 238/2020, do 29 de decembro e nelas, ademais dos obxectivos de calidade paisaxística, estipúlanse medidas e accións para acadar os ditos obxectivos, e normas e recomendacións para plans urbanísticos e sectoriais.

Os estudos de impacto e integración paisaxística son análises das afeccións sobre a paisaxe que se incorporan nos procedementos de Avaliación de Impacto Ambiental.

Por último, os plans de acción da paisaxe elabóranse para a protección, xestión e ordenación da paisaxe en territorios declarados como espazos naturais protexidos segundo o disposto na normativa galega vixente en materia de patrimonio natural, así como nas áreas de especial interese paisaxístico identificadas nos catálogos da paisaxe. Este plan de acción axustarase ás determinacións contidas nas directrices da paisaxe. A serra de Pena Corneira non conta na actualidade cun plan de acción da paisaxe.

- b) *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo Galicia (DOG núm. 34, do 19.02.2016):*

A Lei do solo ten como obxecto a protección e a ordenación urbanística de Galicia, e aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do solo rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecentes de especial salvagarda, sempre tendo en conta a dimensión do solo rústico como solo produtivo e útil, que debe ser recollida e potenciada.

Segundo a Lei, os municipios de Carballeda de Avia, Leiro e Avión son os que exercen, en todo caso, como competencias propias todas as facultades que lle son atribuídas en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sustentabilidade financeira, e mais a conservación e rehabilitación da edificación, agás que estean expresamente atribuídas a outras administracións.

Conforme a esta Lei, a serra de Pena Corneira estaría incluída na categoría de solo rústico de especial protección de espazos naturais (artigo 34 da Lei, punto f),



constituído polos terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos, nas áreas de presenza e áreas críticas definidas nos plans de recuperación ou plans de conservación de especies ameazadas e naquelas outras zonas para as que así se determine expresamente nalgún dos instrumentos de planificación recollidos na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. O réxime de usos do solo rústico de especial protección (artigo 36 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro) está suxeito á obtención da autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente.

A Lei prevé exclusivamente unha relación de usos para o solo rústico, que desde o punto de vista urbanístico limita do mesmo xeito o uso do solo rústico de especial protección, con independencia da súa categoría, e o do solo rústico de protección ordinaria. Isto é así xa que se entende que todo o solo rústico é merecente de ser salvagardado de usos que non sexan consubstanciais co seu carácter ou que poidan dispoñer doutra localización. No solo rústico de especial protección será preciso atender as maiores limitacións que impoñan as lexislacións sectoriais aplicables, xa que son estas as encargadas de tutelar os valores obxecto de protección.

- c) *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballeda de Avia (DOG núm. 65, do 02.04.2003):*

Segundo o PXOM, anterior á declaración da serra de Pena Corneira como monumento natural, a superficie correspondente ao monumento natural clasifícase nos seguintes tipos de solos:

- Solo rústico de protección de espazos naturais;
- Solo rústico de protección de leitos fluviais;
- Solo rústico de protección de cultivos;
- Solo rústico de protección de actividade extractiva.

- d) *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Leiro (DOG núm. 128, do 05.07.2012):*

A zona do espazo natural atópase clasificado como solo rústico de protección de espazos naturais con dous enclaves de solo rústico de protección do patrimonio que se corresponden co outeiro de Pena Corneira e a igrexa de Lamas.

- e) *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Avión (DOG núm. 186, do 25.09.2007):*

Neste plan, anterior á declaración da serra de Pena Corneira como monumento natural, a área do espazo que se atopa no municipio de Avión está clasificado como solo rústico de protección forestal.

- f) *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74, do 17.04.2007):*

O obxecto desta Lei é o de "defender os montes ou terreos forestais fronte aos incendios e protexer as persoas e os bens por eles afectados, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as administracións públicas de acordo coa lexislación galega en materia de emerxencias..."

O artigo 6 desta Lei establece que á Xunta de Galicia correspóndelle elaborar e aprobar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, así como os plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia define as orientacións previstas na planificación que se concretarán nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito. O monumento natural da serra de



Pena Corneira atópase incluído no Distrito Forestal XI O Ribeiro – Arenteiro, e seralle de aplicación o plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do Distrito XI.

No Título IV da Lei 3/2007, do 9 de abril, desenvólvense as condicións de acceso, circulación e permanencia en zonas forestais, que están condicionadas durante a época de perigo alto de incendios no interior das zonas de alto risco referidas no seu artigo 11; nas áreas forestais ou naturais baixo xestión da Xunta de Galicia; e nas áreas onde exista sinalización correspondente á limitación de actividades.

A serra de Pena Corneira cumpre o condicionante de ser unha área natural baixo a xestión da Xunta de Galicia e de estar catalogada, na superficie pertencente ós concellos de Carballeda de Avia e Avión, como unha zona de alto risco de incendio forestal na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal (DOG núm. 79, do 24.04.2007). Deste xeito, estableceranse distintos condicionamentos de acceso, circulación e permanencia de persoas e bens en función de que o risco diario de incendio forestal sexa moderado, alto, moi alto ou extremo. Ademais, ao tratarse dun espazo protexido, o acceso queda tamén condicionado ao sinalado pola consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.

Pola aplicación do Título V, no monumento natural prohibese o uso do lume de forma preventiva agás para as actividades e nas condicións, períodos ou zonas autorizadas pola consellería competente en materia forestal. No tocante ás queimas controladas, ao tratarse dun espazo natural protexido, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural deberá emitir un informe previo. En calquera caso, na época de perigo alto non se autorizarán queimas controladas. Outros usos do lume quedan prohibidos durante a época de alto risco de incendio. En concreto, no caso da serra de Pena Corneira, a declaración como monumento natural establece como actividade prohibida “as queimas, agás aquelas ordenadas polos servizos de extinción de incendios forestais que sexan necesarias para garantir condicións axeitadas de extinción”.

Excepcionalmente, a consellería con competencias en materia forestal poderá autorizar áreas recreativas en zonas de alto risco nas que se poidan preparar alimentos, sempre que se conte cos requisitos, instalacións e equipamentos específicos que se sinalen regulamentariamente. Outra excepción é a utilización de fogos de artificio, o lanzamento de globos e outros artefactos pirotécnicos que estean relacionados coa celebración de festas locais ou de arraigada tradición cultural, que deberán contar ca autorización previa do respectivo concello que incluírá as medidas específicas de seguridade e prevención adecuadas, sempre que o risco diario non sexa extremo.

Esta Lei tamén establece, no seu artigo 38, limitacións ao uso, transporte e almacenamento de explosivos para traballos de canteiras, prospeccións mineiras e outras actividades. Este uso dos explosivos deberá realizarse segundo as súas normas de seguranza, elaborando un plan de medidas de seguranza e prevención que será remitido para o seu coñecemento á consellería con competencia en materia forestal. A maquinaria pesada e o equipamento que se empregue en terreos forestais na época de alto risco tamén deberá contar con dispositivos de retención de chispas e de dispositivos antilapas nos tubos de escape e con equipamento para a extinción de incendios.



O capítulo II do Título VI establece, no caso dos terreos queimados, unha serie de limitacións ás actividades de aproveitamento da madeira queimada, o pastoreo e a actividade cinexética.

g) *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23.07.2012):*

Esta Lei ten por obxecto establecer o marco normativo dos montes e terreos forestais existentes na comunidade autónoma. A efectos da lei enténdese por:

- Monte ou terreo forestal: todo terreo no que se vexeten especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueiras ou herbáceas, sexan espontáneas ou procedan de sementeiras ou plantacións, que cumpran coas funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas.
- Uso forestal: calquera utilización continuada do monte que sexa compatible coa súa condición.
- Actividade forestal: Toda acción material relativa á conservación, mellora e aproveitamento dos montes, pastos, caza, pesca, aromáticas, froitos, etc, así como o subministro de servizos como o socio-recreativo, paisaxe, protección dos recursos hídricos, do aire e do solo e da cultura e do coñecemento forestal.

No referente á planificación forestal, a lei establece dous instrumentos: o plan forestal de Galicia e os plans de ordenación dos recursos forestais, preferentemente para cada distrito forestal. Actualmente está vixente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, aprobada polo Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara a neutralidade carbónica" (DOG núm. 205, do 25.10.2021).

O artigo 77 dispón que tipos de montes deben dotarse dun plan de ordenación, entre os que se atopan os montes particulares e os montes veciñais en man común cunha superficie maior a 25 ha. No caso de que a superficie sexa igual ou inferior, deben dotarse dun documento de xestión forestal que poderá ser simple ou compartido en agrupación de propietarios, ou planificar a súa xestión a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos, segundo especies ou formacións vexetais.

No relativo ás explotacións forestais, a Lei establece nos seus artigos 67 e 68 as condicións que deben cumprir as repoboacións forestais e as súas distancias a outros terreos, construcións, instalacións ou infraestruturas.

O artigo 84 expón que os aproveitamentos dos recursos forestais (a madeira, a biomasa forestal, os pastos, os aproveitamentos cinexéticos, os cogomelos, os froitos, as cortizas, as resinas, as plantas aromáticas e medicinais e os produtos apícolas), os servizos e as actividades (socio-recreativos, sexan turísticos, culturais ou deportivos, a paisaxe, a protección dos recursos hídricos e do solo, e a cultura forestal), non precisan dunha autorización, sempre que estean previstos no instrumento de ordenación ou xestión aprobado pola administración forestal, sendo suficiente unha declaración responsable previa.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na modificación operada a través da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia regula, no seu artigo 92, a autorización única para a realización de aproveitamentos madeiros que, segundo a lexislación sectorial de aplicación, exijan autorización administrativa de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. De tal xeito que a competencia para conceder esta autorización corresponde ao órgano forestal competente, logo do informe preceptivo dos órganos ou organismos sectoriais.



Así mesmo, o citado artigo 92 faculta as consellerías competentes a aprobar, mediante orde, os pregos coas condicións sectoriais a que se deberán suxeitar os aproveitamentos madeireiros das especies recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, nos terreos forestais que formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección e nos terreos forestais afectados por algunha lexislación de protección do dominio público. En consonancia con isto, a aprobación dos citados pregos permitirá substituír a exigencia de autorización administrativa por unha declaración responsable e eliminará a necesidade de obter informe previo do órgano sectorial competente

Así, mediante a ORDE do 25 de marzo de 2020, conxunta da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola que se aproban os pregos de condicións aos cales se deberán suxeitar os aproveitamentos madeireiros das especies recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados pola lexislación de protección do dominio público, recóllense os condicionantes que deben cumprir as cortas na Rede Galega de Espazos Protexidos, Rede Natura 2000 e áreas críticas de especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas onde existen plantacións do xénero pinus, eucalyptus e mixtas de ambos os xéneros, permitíndose a substitución da autorización administrativa por unha declaración responsable agás en:

- a) ZEPA e naqueles terreos cuxo ámbito territorial coincida coa figura de parque, reserva natural ou monumento natural (como é o caso do monumento natural da Serra de Pena Corneira);
- b) Áreas críticas de especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas;
- c) Hábitats sensibles: complexos dunares litorais e hábitats turbosos.

En relación cos actos ou actividades que leven consigo unha afluencia de público indeterminada ou extraordinaria, ou de actividades relacionadas co tránsito motorizado, desenvolveranse mediante orden, e estarán suxeitos ao establecido no seu instrumento de xestión forestal, e no caso de ausencia deste, precisarán de autorización do órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural nos montes incluídos na Rede galega de espazos protexidos. Tamén necesitarán autorización deste órgano a celebración de actos relacionados coa caza ou pesca fluvial.

- h) *Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG núm. 202, do 20.10.1989):*

Esta Lei rexe os montes en man común cuxo regulamento de execución desenvólvese mediante o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

- i) *Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG núm. 186, do 04.09.1992):*

No Título primeiro deste decreto defínese o monte veciñal en man común como aqueles terreos radicados na comunidade autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando de forma consuetudinaria en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os



membros daquelas na súa condición de veciños e veciñas comuneiros, definindo a estes como aquelas persoas titulares de unidades económicas que residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte, conforme ás situacións consuetudinarias que viñan existindo entre os seus compoñentes, ou aqueloutras persoas que acaden a citada condición no sucesivo e que veñan exercendo, segundo os usos e costumes da comunidade, algunha actividade relacionada co monte.

Este decreto estipula que as mancomunidades deben contar cun estatuto que regulará a acreditación da representación de cada casa, mediante certificación de inclusión no libro de rexistro de persoas comuneiras, así como as condicións e procedementos para causar alta como comuneiro/a e as obrigas que leva aparelhada a devandita condición. Regularán tamén o exercicio dos dereitos dos comuneiros e comuneiras; os órganos de representación, de administración e xestión; a impugnación dos seus actos; a porcentaxe de reserva dos rendementos para investimentos no monte, a participación nos aproveitamentos dentro dos límites legais, e os criterios aos que deberán adecuarse os diversos aproveitamentos do monte.

j) *Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia (DOG núm. 4, do 08.01.2014):*

O obxecto desta Lei é regular a actividade da caza en Galicia para protexer, conservar, fomentar e aproveitar de forma ordenada os recursos cinexéticos de forma compatible co equilibrio natural e os distintos intereses afectados.

Segundo o artigo 3, considéranse como obxecto de caza os exemplares das especies consideradas como cinexéticas, e que serán así declaradas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de caza, estando excluídas as especies protexidas e os animais domésticos.

Conforme a esta lei, os terreos clasificaranse en cinexéticos e non cinexéticos, sendo nos primeiros nos que está permitida a actividade da caza. Estes terreos poden estar sometidos a réxime común ou especial. Os terreos de réxime común, poden ser utilizados por calquera cazador, mentres que nos de réxime especial o exercicio da caza está limitado ós que ostenten a titularidade cinexética.

Os terreos cinexéticos de réxime especial presentan distintas categorías, entre as que se atopan os tecores ou terreos cinexéticos ordenados, e que veñen definidos no artigo 11 como toda superficie continua de terreos susceptible de aproveitamento cinexético especial que fose declarada e recoñecida como tal mediante resolución da persoa titular da consellería competente en materia de caza, e na cal a poboación cinexética debe estar protexida e fomentada e se aproveita de forma ordenada.

O artigo 48 establece a obriga dos titulares dos tecores onde se cacen especies silvestres de presentar un plan de ordenación cinexética de obrigado cumprimento para o desenvolvemento da actividade, así como un plan anual de aproveitamento cinexético, polo menos dous meses antes do inicio da tempada de caza.

As soltas de espécimes de especies cinexéticas esixirán a autorización previa da persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación do patrimonio natural.

Co obxecto de garantir a integridade física e a protección das persoas e dos bens, no artigo 42 defínense zonas de seguridade, nas que se prohíbe circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, de xeito que poidan ser alcanzadas, con perigo para as persoas ou os seus bens, agás que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.



Nos terreos cinexéticos sometidos a réxime especial e coa finalidade de que os cans e as aves de cetrería poidan ser adestrados, poderán delimitarse nos plans de ordenación cinexética as zonas, épocas e condicións en que se poida levar a cabo a actividade. Nestas zonas de adestramento non se permitirá a caza con armas durante a tempada hábil de caza, e non poderá incluírse na superficie que os tecores deben destinar a vedados de caza. Non se poderá adestrar durante a época da maior sensibilidade na cría de especies silvestres presentes na zona.

- k) *Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (DOG núm. 109, do 06.06.2008):*

O obxecto desta lei é o desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e seguridade, e promover un aproveitamento racional compatible coa protección do medio ambiente.

O artigo 9 establece que todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos deben estar inscritos no Rexistro Mineiro de Galicia que, á súa vez, se incorporarán ao Catastro Mineiro de Galicia.

No artigo 32 estipúlase que os titulares dos dereitos mineiros deben constituír unha garantía financeira que constará dun concepto fixo que responde ao cumprimento das obrigas de financiamento e da viabilidade dos traballos mineiros; e un termo variable que responde do cumprimento do plan de restauración ambiental.

O artigo 14 desta lei determina que para a elaboración de instrumentos de planificación con incidencia na minaría, teranse en conta as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal será obrigatorio solicitar un certificado do Catastro Mineiro de Galicia. Todas as figuras de plan urbanístico ou territorial con incidencia na minería terán que someterse a informe vinculante da consellería competente en materia de minas con posterioridade á súa aprobación inicial. Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas e nesta lei, deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico.

- l) *Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras (BOE núm. 143, do 13.06.2009):*

Este decreto ten como obxecto establecer as medidas, os procedementos e as orientacións para prever ou reducir, na medida do posible, os efectos adversos que teñen a investigación e aproveitamento dos xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos, así como a xestión dos residuos mineiros, sobre o medio ambiente, en concreto augas, aire, solo, fauna, flora e paisaxe, e os riscos para a saúde humana.

O Título I regula o plan de restauración. O plan de restauración do espazo natural afectado polas actividades mineiras debe ser autorizado pola autoridade competente en minería de forma conxunta co outorgamento da autorización de explotación.

O artigo 3 establece que a entidade explotadora está obrigada a tomar todas as medidas necesarias para previr ou reducir, no posible, calquera efecto negativo sobre o medio ambiente e sobre a saúde das persoas derivado da investigación e aproveitamento de recursos minerais. Estas medidas han de basearse nas mellores técnicas dispoñibles e incluírán a xestión dos residuos mineiros e de todas as instalacións de residuos tamén con posterioridade ao seu peche, cando proceda, así como a prevención de accidentes graves que poidan ocorrer nas instalacións e a limitación das súas consecuencias para o medio ambiente e a saúde humana.

Neste plan debe constar do seguinte contido mínimo:



- Parte I: descrición detallada do entorno previsto para desenvolver as labores mineiras;
- Parte II: Medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación dos recursos minerais;
- Parte III: Medidas previstas para a rehabilitación dos servizos e instalacións anexos á investigación e explotación dos recursos minerais;
- Parte IV: Plan de xestión de residuos;
- Parte V: Calendario de execución e custo estimado dos traballos de rehabilitación.

Neste mesmo artigo establécese que a rehabilitación do espazo afectado deberá levarse a cabo de forma coordinada e paralela aos traballos de explotación, sempre que sexa posible, de forma que se reduza ao mínimo os efectos negativos sobre o medio.

m) *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013):*

Esta lei acorda as bases para a avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos que poidan ter efectos significativos no medio ambiente, garantindo en todo o territorio do Estado un elevado nivel de protección ambiental, coa finalidade de promover un desenvolvemento sostible mediante:

- A integración dos aspectos medioambientais na elaboración e na adopción, aprobación ou autorización dos plans, programas e proxectos;
- A análise e a selección das alternativas que resulten ambientalmente viables;
- O establecemento das medidas que permitan previr, corrixir e, no seu caso, compensar os efectos adversos sobre o medio ambiente;
- O establecemento das medidas de vixilancia, seguimento e sanción necesarias para cumprir coas finalidades desta lei.

O seu artigo 43 establece que a declaración de impacto ambiental dun proxecto ou actividade perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos se non houbera comezado a execución do proxecto ou actividade no prazo de 4 anos desde a súa publicación. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación ambiental do proxecto, salvo que se acorde a prórroga da súa vixencia. O promotor de calquera proxecto ou actividade sometido a avaliación de impacto ambiental deberá comunicar ao órgano ambiental a data de comezo da execución do dito proxecto ou actividade. O promotor poderá solicitar a vixencia da declaración de impacto ambiental antes de que transcorra o prazo previsto. Esta solicitude suspenderá o prazo de vixencia de catro anos.

n) *Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética (BOE núm. 121, do 21.05.2021):*

Esta lei establece o marco legal para o cumprimento do Acordo de París de 2015 sobre cambio climático e da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible. Un acordo que entre outros puntos recolle que para frear o quecemento global é necesario establecer políticas firmes e coordinadas nas materias de conservación e mellora da biodiversidade, así como da almacenaxe de carbono polos nosos montes e masas forestais, zonas húmidas e superficies de uso agropecuario.

No título V da lei desenvólvense as medidas de adaptación aos efectos do cambio climático, e no relativo á conservación de espazos naturais o artigo 24 céntrase na



protección da biodiversidade fronte ao cambio climático. Neste artigo indícase que as administracións incluírán na actualización e revisión de plans ou instrumentos de xestión dos Espazos Naturais Protexidos e espazos da rede Natura 2000, un apartado sobre adaptación dos mesmos ao cambio climático.

No artigo 25 referido ao desenvolvemento rural a lei fomenta as accións positivas proporcionadas polos sumidoiros de carbono, especialmente aquelas que proporciona o sector agrario e forestal. O fomento destas accións deberá ter en conta a denominada bioeconomía como motor de desenvolvemento das zonas rurais.

- o) *Orden PCM/735/2021, de 9 de xullo pola que se aproba a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas (BOE núm. 166, do 13.07.2021):*

O concepto de Infraestrutura verde fai referencia a unha rede ecoloxicamente coherente conformada por un conxunto de áreas naturais e seminaturais que contribúen á conservación dos ecosistemas e a súa resiliencia, e que melloran a provisión de servizos ecosistémicos.

A estratexia aprobada nesta orde ten por obxectivo marcar as directrices para a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a Infraestrutura Verde do territorio español, terrestre e mariño, e para que a planificación territorial e sectorial desenvolvida polas administracións permita e asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático, a desfragmentación de áreas estratéxicas para a conectividade e a restauración de ecosistemas degradados.

Para a consecución dos seus obxectivos o documento estrutúrase en Metas estratéxicas, sendo a Meta 0 a de identificar a rede básica da Infraestrutura Verde do Estado. Dentro desta meta as liñas de actuación recoñecen os espazos protexidos como parte das áreas núcleo da rede pola súa importancia prioritaria para a biodiversidade (liña actuación 0.01). Tamén sinala que as administracións deben establecer como prioritarias as medidas de protección da Infraestrutura Verde nos espazos protexidos, así como naqueles terreos que sen contar cunha protección explícita podan desempeñar un papel significativo en materia de conectividade e servizos dos ecosistemas.

- p) *Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas (BOE núm. 176, do 24.07.2001):*

O Dominio Público Hidráulico (DPH) está constituído polas augas continentais, tanto as superficiais como as subterráneas renovables con independencia do tempo de renovación; os leitos de correntes naturais, continuas ou descontinuas; os leitos dos lagos e lagoas e os dos encoros superficiais en leitos públicos; os acuíferos subterráneos, para os efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos; as augas procedentes de desalgar a auga de mar unha vez que, fóra da planta de produción, se incorporen a calquera dos elementos sinalados nos puntos anteriores.

Segundo o artigo 1, a competencia sobre a planificación hidrolóxica á que debe someterse toda actuación que se leve a cabo sobre o DPH correspóndelle ao Estado.

Establece que os leitos de dominio privado son aqueles polos que ocasionalmente discorran augas pluviais, en tanto atravesen, desde a súa orixe, unicamente predios de dominio particular. Non obstante, este dominio privado non autoriza para facer neles labores nin construír obras que poidan facer variar o curso natural das augas ou alterar a súa calidade en prexuízo do interese público ou de terceiras persoas, ou

das que a súa destrución pola forza das enchentes poida ocasionar danos a persoas ou cousas.

Define as ribeiras como as faixas laterais dos leitos públicos situados por riba do nivel de augas baixas, e as marxes como os terreos que lindan cos leitos. Estas marxes están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal, a unha zona de servidume de 5 metros de largo, para uso público que se establecerá regulamentariamente; e a unha zona de policía de 100 metros de largo na que se condicionará o uso do solo e as actividades que alí se desenvolvan.

O artigo 54 dispón que a persoa propietaria dun predio pode aproveitar as augas pluviais que discorran por el e as estancadas, dentro dos seus lindeiros, sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e as que se deriven do respecto aos dereitos de terceiras persoas e da prohibición do abuso do dereito; nas condicións que regulamentariamente se establezan, poderanse utilizar nun predio augas procedentes de mananciais cando o volume total anual non exceda os 7.000 metros cúbicos. Nos acuíferos que foran declarados como sobreexplotados ou en risco de estalo, non poderán realizarse novas obras das amparadas por este punto sen a correspondente autorización.

O resto dos usos privativos que non se inclúen no artigo 54, requiren de concesión administrativa. Estas concesións outorgaranse tendo en conta a explotación racional conxunta dos recursos superficiais e subterráneos, sen que o título da concesión garanta a dispoñibilidade dos caudais concedidos (artigo 59).

2. ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN DO PLAN

O ámbito territorial de aplicación do plan de xestión correspóndese coa delimitación do Monumento Natural A serra de Pena Corneira (figura 1), localizada nos concellos de Carballeda de Avia, Leiro e Avión, na comarca do Ribeiro, provincia de Ourense, cunha extensión de 998 ha.

Segundo o Decreto 264/2007, do 20 de decembro, o espazo encádrase nas seguintes coordenadas en proxección UTM (fuso 29T VN):

Norte: 4692181	Leste: 569000
Sur: 4686301	Oeste: 564002

Correspondéndose, xeograficamente, cas follas 187-3, 186-4 e 224-2 do Mapa Topográfico Nacional a escala 1:25000 do Instituto Geográfico Nacional (IGN).

No caso de que se considere preciso para a ordenación e xestión de usos e actividades, especialmente do uso público ou para a mellora da conectividade, poderanse formular propostas de xestión fóra dos límites do monumento. No caso de que así ocorra, só se aplicará nos casos de desenvolvemento de programas, equipamentos, ofertas de servizos ou actividades de xestión ou mellora, pero nunca para a aplicación dunha normativa fóra do espazo.




Figura 1. Límites do Monumento Natural A serra de Pena Corneira. Fonte: Anexo do Decreto 264/2007 (DOG núm. 13 do 18.01.2008).

2. DESCRIPCIÓN DAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO ESPAZO

1. SITUACIÓN CATASTRAL DO MONUMENTO NATURAL

Dentro dos límites do Monumento Natural A serra de Pena Corneira e segundo amosa a Dirección Xeral do Catastro, da Secretaría de Estado de Facenda, no monumento natural atópanse un total de 3407 parcelas catastrais, agrupadas en 12 masas (figura 2).




Figura 2. Delimitación das parcelas catastrais de cada concello no monumento natural.

Na seguinte táboa resúmense os datos atopados na sede electrónica do catastro:

Táboa 1. Tipo e superficie das parcelas do catastro que se atopan no interior do monumento.

Concello	Parcelas totais	Parcelas públicas					Parcelas privadas				
		Nº	Superficie (ha)				Nº	Superficie (ha)			
			Total	Media	Mínima	Máxima		Total	Media	Mínima	Máxima
Avión	10	5	0.71	0,14	0,006	0,24	5	42.40	8,48	0,28	18,30
Leiro	285	10	1.07	0,11	0,0002	0,50	275	206.22	0,75	0,000016	112,57
Carballeda de Avia	3112	52	7.73	0,15	0,0003	0,67	3060	739.75	0,24	0,000004	171,95
Total	3407	67	9.51				3340	988.36			
% Total		1.97%					98.03%				

De todas estas parcelas, o 98% corresponden a propiedades privadas cunha superficie media de 0,3 ha, mentres que o 2% restante son parcelas de dominio público, cunha superficie media de 0,14 ha, sendo a maior parte delas vías de comunicación.

No tocante ás parcelas de titularidade privada, a superficie é moi variable. No conxunto do monumento, do total de 2.407 parcelas, só 50 presentan unha superficie maior á hectárea. Destas 50 parcelas, destacan dúas por ter superficies moito maiores que as restantes: unha parcela de 171 ha no concello de Carballeda de Avia e outra de 113 ha no concello de Leiro.

No que respecta ás de titularidade pública, nos tres concellos teñen unha superficie menor a 1 ha e correspóndense con zonas de camiños, lindeiros ou estradas.

Se atendemos aos datos que constan na Dirección Xeral do Catastro, as parcelas que conforman o ámbito do espazo protexido están todas incluídas dentro dos seguintes polígonos:

- Concello de Avión: polígono 148;
- Concello de Carballeda de Avia: polígonos 005, 009, 018, 019, 077, 082, 083, 088, 089 e 090;
- Concello de Leiro: polígono 050.

As parcelas incluídas dentro destes polígonos son todas fincas rústicas clasificadas cun uso principal agrario.

2. VALORES NATURAIS DO MONUMENTO NATURAL

A importancia da zona de estudo está na masa plutónica batolítica de 18 km en sentido meridiano e 7 km en sentido nordeste-suroeste existente, froito da solidificación do magma dun antigo volcán hai, aproximadamente, uns 300 millóns de anos. Este batolito está constituído por rochas graníticas hercínicas, de época poscinemática, de composición xeral calcoalcalina e subalcalina, aparecendo granitos biotíticos e granodioritas biotítico-anfibólicas, aínda que non todo o macizo presenta facies similares.

A diferenciación cristalina deu lugar a diferenzas na evolución xeomorfolóxica que fixeron posible a existencia do macizo de Pena Corneira e as súas formas asociadas.

A composición do granito é o factor primordial para comprender os fortes procesos de meteorización e a aparición dos bolos con procesos de desmantelamento das cúpulas graníticas. Do mesmo xeito, o tamaño do gran, a composición mineralóxica e a abundancia relativa dos minerais máis febles ou máis resistentes determinan a evolución das formas e a intensidade do proceso de meteorización, así como a colonización vexetal nos bolos e nas súas formacións.

No medio de todo este afloramento de rochas graníticas destaca unha singular rocha que lle dá nome á serra: a Pena Corneira, un verdadeiro fito xeográfico de 10 m que preside o espazo natural. Todo este macizo granítico reúne un interese especial pola súa singularidade e a importancia dos seus valores científicos, culturais e paisaxísticos, constituíndo un lugar moi atractivo para especialistas de prestixio internacional.

VALORES XEOMORFOLÓXICOS

- **Alvéolos:** áreas deprimidas en forma alongada ou redondeada onde os procesos de meteorización son intensos. Desenvólvense nos corredores deprimidos ou se asentan no cruce de varias fracturas ou liñas de debilidade, adoptando unha forma máis ou menos circular. As dimensións dependen das tallas da zona de debilidade.



Figura 3. Alvéolos graníticos no monumento natural (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Corredores deprimidos:** megaformas cóncavas que representan as liñas de fractura ou debilidade do macizo granítico. A súa talla e tipoloxía está determinada pola densidade e dirección, que irregulariza as cristas cristalinas. Trátase de liñas de disección onde permanecen, ata o seu baleirado, os materiais meteorizados das partes altas. Son lugares de intensa meteorización, posto que acumulan auga de forma temporal. No seo destes corredores desenvólvense os alvéolos, de forma alongada se seguen un corredor illado; e de forma circular onde se cruzan varios corredores.



Figura 4. Corredores deprimidos (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Cristas graníticas:** grandes aliñacións convexas de perfil ondulado, macizas ou seccionadas por corredores que individualizan unha sucesión de cúpulas ou formas dómicas dismanteladas. Poden acoller unha grande cantidade de mesomorfos e debuxan grandes liñas de debilidade dos macizos ígneos.



Figura 5. Cristas graníticas (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Domos:** grandes formas convexas macizas ou pouco desmanteladas con aspecto de cúpula, que quedaron exhumadas pola erosión das capas supraxacentes. Adoitan atoparse domos en forma de campá ou de media laranxa.



Figura 6. Domo en forma de media laranxa (dereita) e en forma de campá (esquerda) (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Formas dómicas desmanteladas:** megaformas convexas evolucionadas a partir da meteorización das cúpulas graníticas. Non se trata de formas que evolucionan unha vez exhumadas, senón que aparecen en superficie bastante fragmentadas.



Figura 7. Formas dómicas desmanteladas (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Caos de bolos:** resultado da evolución das grandes formas graníticas convexas, afectadas por intensos procesos de meteorización que fragmentan e individualizan

os bloques. Coa posterior escorredura e o efecto da gravidade, estes bolos desmantélanse e dispérsanse.



Figura 8. Caos de bolos (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Formas pinaculares:** resultado da atomización das grandes unidades graníticas. É unha disxunción dos bloques cun patrón de diaclasas romboidal. A evolución a partir de ángulos agudos permite a aparición de terminacións bicudas.



Figura 9. Formas pinaculares (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Formas columnares:** resultado dunha diaclasación de tipo ortogonal onde predominan as fracturas horizontais. Teñen pouca estabilidade e a gravidade inclínaos. Trátase de elementos pouco evolucionados, con arestas, e soen mesturarse coas formas de pináculo cando aparecen liñas de debilidade diagonais aos prismas. Habitualmente aparecen nas formas de castelo e nas cristas graníticas.



Figura 10. Formas columnares (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Formas córneas:** proceden da acción combinada dun patrón de fracturas ortogonal que individualiza prismas rectangulares máis ou menos inclinados, e da aparición da diaclasación curva como resultado da descompresión da rocha ao achegamento á superficie. Estas son as formas que caracterizan ao monumento natural, co exemplo da propia Pena Corneira.




Figura 11. Formas córneas (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Disxunción de bloques en laxas:** fragmentación dos bloques individuais polas fracturas curvas provocadas nas rochas pola descompresión.



Figura 12. Disxunción de bloques en laxas (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Formas exhumadas incipientes:** a exhumación é producida cando as augas superficiais e a gravidade baleiran a rocha supraxacente ou o manto de alteritas do granito.



Figura 13. Formas exhumadas incipientes (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Bolos:** formas graníticas moi evolucionadas e redondeadas que derivan da meteorización dos bloques rochosos que se forman baixo terra antes de exhumar.



Figura 14. Bolos graníticos (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

- **Vertentes tapizadas de bloques:** orixinadas polo desprazamento, ladeira abaixo, de bolos, bloques e clastos menores nas escorreduras nas que a gravidade funciona como motor.



Figura 15. Vertentes tapizadas de bloques (Fonte: Catalogación da potencialidade xeomorfolóxica do macizo granítico de Pena Corneira).

FLORA E FAUNA

A continuación realízase unha referencia das especies que, de xeito potencial, poderían formar parte do monumento natural.

No que respecta a flora, o bosque climácico nas partes baixas do territorio correspóndese cunha carballeira termófila pertencente á serie acidófila galaico-portuguesa da *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, co carballo (*Quercus robur*) como especie arbórea dominante e a xibarda (*Ruscus aculeatus*) como diferencial da asociación. Coexistindo co carballo tamén aparecen outras árbores acompañantes como o castiñeiro (*Castanea sativa*) ou o cerquiño (*Quercus pyrenaica*), especie esta última que no oeste da provincia de Ourense entra a formar parte da carballeira.

A influencia mediterránea é notable, aparecendo especies como o loureiro (*Laurus nobilis*), o érbedo (*Arbutus unedo*), a herba dos dedos (*Rubia peregrina*) ou a xibarda (*Ruscus aculeatus*). Nas zonas máis baixas incorporáranse tamén a sobreira (*Quercus suber*) e o trobisco (*Daphne gnidium*), dando lugar ao que podería considerarse unha carballeira-sobreiral pertencente á subasociación *Quercetosum suberis*. Outras especies que integran o sotobosque arbustivo son o sanguíño (*Frangula alnus*), o acivro (*Ilex aquifolium*), a pereira silvestre (*Pyrus cordata*), o espiño albar (*Crataegus monogyna*) ou a madreselva (*Lonicera periclymenum*), entre outras.

As comunidades de matogueira serialmente asociadas a este tipo de bosque están dominadas por *Cytisus striatus* e *Genista triacanthos*, así como polos toxos *Ulex minor* e *U. europaeus*, ademais de por outras especies como o feito común (*Pteridium aquilinum*).

O bosque ripario asociado aos cursos de auga das zonas baixas consiste nun ameneiral galaico-portugués pertencente á asociación *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae*, habitual do sur e poñente de Galicia. Nel, e como mostra da influencia mediterránea, aparecen o freixo de folla estreita (*Fraxinus angustifolia*) e o bidueiro (*Betula celtiberica*), estando tamén presente o carballo (*Quercus robur*), o que en moitas ocasións constitúe un tipo de carballeira edafohigrófila. Son tamén frecuentes outras especies freatófilas como o sanguíño (*Frangula alnus*) ou o salgueiro negro (*Salix atrocinerea*), aparecendo tamén o sabugueiro (*Sambucus nigra*). No estrato herbáceo, de cobertura elevada, abundan os xeófitos e feitos, así como hemicriptófitos e megaforbios.

Nas zonas de maior altitude, máis frías e húmidas, as formacións arbóreas potenciais corresponden ao piso bioclimático montano da rexión eurosiberiana onde se desenvolve unha carballeira acidófila montana con arando (*Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris*), de carácter máis continental e relacionada coa comunidade anterior, por riba da que se sitúa altitudinalmente (> 500 m.s.n.m).

Nesta carballeira é máis abundante o bidueiro (*Betula celtiberica*) que na serie correspondente á xibarda, algo que vén explicado por un maior grao de precipitación e unha menor evapotranspiración. Así mesmo, nesta carballeira hai máis castiñeiro (*Castanea sativa*), posto que nestas zonas de maior continentalidade climática ten menor incidencia o mal da tinta; polo contrario, entran en crise as especies lauroides termófilas. Outras especies que acompañan o carballo pedunculado nestas carballeiras son, entre outras, *Vaccinium myrtillus*, *Pteridium aquilinum*, *Rubus* spp., *Pyrus cordata*, *Ilex aquifolium* ou *Frangula alnus*.

A matogueira presente nesta zona está integrada por especies como *Ulex europaeus*, *Ulex minor*, *Daboecia cantabrica*, *Erica arborea*, *Erica cinerea* ou *Halimium alyssoides*. Nos cursos de auga vai estar presente un bosque de galería cunha fisionomía moi semellante á descrita para a carballeira anterior caracterizada pola presenza de amieiros *Alnus glutinosa*, salgueiros *Salix atrocinerea*, freixos *Fraxinus excelsior* e principalmente bidueiros *Betula celtiberica*.

No sotobosque coexisten elementos florísticos variados: *Pyrus cordata*, *Vaccinium myrtillus*, *Rubus* sp ou *Pteridium aquilinum*.

En canto á fauna, existe unha multitude de taxons diferentes en función da altitude e das características do hábitat. Destaca a presenza de certos hérpetsos, como os endémicos lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*), a píntega rabilonga (*Chiloglossa lusitanica*) e o sapo raxado (*Discoglossus galganoi*), presentes nos anexos II e V da Lei 42/2007, a ra patilonga (*Rana iberica*) incluída no anexo V da Lei 42/2007. O sapo raxado (*Discoglossus galganoi*) tamén está incluída como vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, xunto coa víbora de Seoane (*Vipera seoanei*).

Entre as numerosas especies de aves destacan a avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*), o picanzo vermello (*Lanius collurio*) incluídas no anexo IV da Lei 42/2007 e a papuxa do mato (*Sylvia undata*), incluída no anexo I da Directiva Aves.

Entre os mamíferos destacan a lontra (*Lutra lutra*), presente nos anexos II e V da Lei 42/2007; o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) incluído no anexo II da Lei 42/2007 e o lobo ibérico (*Canis lupus signatus*), incluído na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESPRE).

Por último, dentro dos invertebrados destacan a vacaloura (*Lucanus cervus*), incluída no anexo II da Lei 42/2007; e o lonxicornio das aciñeiras (*Cerambyx cerdo*), presente nos anexos II e V da Lei 42/2007, que constitúen dúas especies de especial interese.

PAISAXE

O territorio ocupado polo monumento natural da serra de Pena Corneira pertence, segundo o Catálogo das Paisaxes de Galicia, a dúas grandes áreas paisaxísticas (GAP): á das Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, nos concellos de Carballeda de Avia e de Leiro, e á da Galicia Central, no concello de Avión, así como dunha parte dos concellos de Carballeda de Avia e Leiro. No primeiro caso inclúese o 79,8% do territorio do monumento, mentres que o 20,2% restante está na GAP Galicia Central.

A Gran Área Paisaxística Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil configura unha superficie heteroxénea de algo máis de 247.000 ha. Esta área abrangue a bacía media do Miño, tanto na súa parte lucense como na ourensá, así como o val do río Sil dende a súa entrada no territorio galego ata a súa confluencia co Miño. A delimitación desta área abrangue dende as áreas máis baixas dos vales fluviais, ata as divisorias que forman os rebordes montañosos destes vales, de xeito que se inclúen cordais como a serra da Enciña da Lastra, a serra de Vilamartín, o sector meridional do Courel, os montes de San Paio, o monte Acebedo, o monte Meda e o monte Cerengo.

Dentro desta GAP, Pena Corneira localízase na comarca paisaxística do Ribeiro que se sitúa no tramo posterior do río Miño, pouco antes de que este chegue á fronteira con Portugal.

A GAP Galicia Central comprende máis de 515.000 ha, o que representa o 17 % da superficie continental de Galicia, nas que se inclúen unha gran variedade de estruturas paisaxísticas, entre as que destacan algunhas elevacións de menor entidade como os contrafortes da dorsal galega. Estes contrafortes definen o perímetro da área e alternan cos vales que filtran os cursos de auga que regan este territorio antes de adentrarse nas rías baixas, como é o caso da serra de Pena Corneira. Nesta GAP, a serra de Pena Corneira está dentro da comarca de Carballiño, que se localiza ao sur da área paisaxística.



3. INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO

O acceso ao espazo pode facerse por varios lugares, xa que o seu límite non conta cunha barreira física. No seu interior atópanse pistas, camiños e sendeiros que permiten percorrela a pé ou, nalgúns casos, tamén en vehículo.

Segundo indica o Decreto 264/2007 de declaración do monumento natural, fóra dos camiños e vías existentes só se permitirá a circulación de vehículos e maquinaria propios da actividade agrícola e forestal, a empregada para o servizo das instalacións públicas existentes ou a utilizada polos servizos públicos de emerxencia.

Por tanto, pode accederse ao interior do espazo en vehículo, sempre e cando se transite polos camiños e pistas existentes que sexan diferentes ao Camiño Natural de Carballeda de Avia, no que están prohibidos as motos e os *quads* (excepto se se trata dos vehículos autorizados anteriormente mencionados).

É posible acceder a través das seguintes entradas:

a) Accesos ao sector norte do monumento natural:

- Pola estrada provincial **OU-0306**: dá acceso á área recreativa de Leiro, nas proximidades da igrexa de Lamas. A estrada fai de límite do monumento natural nalgúns zonas.
- Pola estrada autonómica **OU-212**: dende Avión, atravesa o monumento natural pola súa parte máis estreita e continúa cara ás Regadas. Dende esta estrada pódense atopar diversas pistas e sendeiros polos que é posible acceder ao sector norte do espazo. Esta estrada fai de límite do monumento natural nalgúns zonas.
- Polo sendeiro **PR-G 78**: vai dende Leiro ata Pena Corneira (ver apartado 2.3.1. a)
- Pola **estrada de Orega**: que fai de límite dalgúns zonas no sector norte do monumento natural.

b) Accesos ao sector sur do monumento natural:

- Pola estrada provincial **OU-0306** (antiga OU-39): dende a parte máis estreita do espazo natural e en dirección Abelenda, esta estrada dá acceso directo ao Camiño Natural de Carballada de Avia nun dos puntos nos que este atravesa o espazo protexido, no acceso á área de descanso do lugar de Faramontaos. Tamén dá acceso, un pouco máis ao sur, ao lugar de Fornelos, onde é posible atopar tamén o camiño natural, no comezo do ramal.
- Ademais, tamén é posible acceder ao monumento a través das diferentes pistas que saen directamente dende esta estrada.
- Polo Camiño Natural: o camiño cruza en varias ocasións os límites do espazo natural, e dende el é posible acceder a unha das sendas existentes no interior da zona situada máis ao sur.
- Pola estrada na **parroquia de Balde**: a estrada fai de límite do espazo protexido e dá acceso á única pista que se introduce na parte sur do monumento natural.

A sinalización dos accesos é desigual, e non existen sinais cuns criterios de deseño que permitan á persoa visitante saber cando está entrando ou saíndo do monumento natural.

A única zona de estacionamento observada foi a correspondente á área recreativa de Leiro. Neste espazo non existen prazas delimitadas para aparcar os vehículos, aínda que o espazo dispoñible é amplo e atópase á entrada.




Figura 16. Localización dos accesos ao monumento natural.

No interior do monumento natural existen varios sendeiros e camiños polos que é posible circular a pé e outros tantos polos que tamén é viable a circulación con vehículos, dado que se trata de pistas forestais.

Hai dous sendeiros principais que posúen a súa sinalización propia e pertencen a dous proxectos diferenciados con diferentes xestores:

- Sendeiro de pequeno percorrido PR-G 78 senda de Pena Corneira: Parte da área recreativa de Pena Corneira, en Leiro, e atravesa o monumento natural en dirección leste, descendendo por Valboa, Paredes e Lebosende ata Leiro. Ten unha lonxitude de 7.987 m, dos cales 2.148 m discorren dentro do monumento ou pertencen aos camiños que o limitan.
- Camiño natural de Carballeda de Avia: que ten un ramal duns 5 km que parte da área recreativa de Abelenda e chega a Pena Corneira. A case totalidade deste ramal está dentro dos límites do monumento natural.

Ademais, existen outros sendeiros de pequena lonxitude:

- Sendeiro circular das Fermosas, actualmente en desuso, que discorre a carón duns muíños restaurados no ano 2009. Ten unha lonxitude de 2.245 m dos cales, 1.259 m están dentro dos límites do monumento;

- Sendeiro de acceso ao castelo de Pena Corneira, duns 350 m de lonxitude que une a área recreativa cos restos do castelo de Pena Corneira;
- Sendeiro do miradoiro de Pena Corneira, de recente creación. Une o miradoiro de Pena Corneira coa parte alta da área recreativa, permitindo realizar unha ruta circular de aproximadamente 1.000 m de lonxitude.

O resto dos sendeiros e camiños correspóndense con pequenas sendas de acceso a fincas privadas, captacións de augas subterráneas ou canteiras que non contan con sinalizacións. Localízase nos dous terzos superiores do espazo natural. A parte situada máis ao sur non conta con sendas para circular tanto a pé como con vehículos.

Ademais destes sendeiros, existen dúas áreas recreativas ou de descanso:

- Área recreativa de Pena Corneira en Leiro;
- Área de descanso do Camiño Natural (Faramontaos),

Tamén destaca o miradoiro do Outeiral, no concello de Leiro. Desde este miradoiro pódese ver a extensión de terreo correspondente a Ribadavia, o val do Avia ata Carballiño e aos montes de Irixo, así como unha gran parte do monumento natural.

4. USOS E APROVEITAMENTOS NO ÁMBITO DO MONUMENTO NATURAL

A excepción dos aproveitamentos tradicionais que os veciños das entidades de poboación lindeiras poidan facer no ámbito do espazo natural (recollida de fungos ou castañas), os aproveitamentos existentes son os que seguen:

a) Sector primario

Un dos aproveitamentos máis importantes que se facía no espazo protexido era a extracción de granito. As concesións mineiras que se atopan dentro dos límites do monumento natural atópanse a maioría actualmente caducadas, se ben non todas levaron a cabo a restauración do medio afectado. A continuación lístanse as dez concesións mineiras existentes dentro do monumento natural (figura 17), segundo os datos aportados pola Sección de Minas de Ourense:

- Paraboa (Núm. de rexistro OU/C/04530.1): A concesión foi outorgada o 22 de outubro de 1987 e caducou o 8 de xuño de 2017. Esta explotación mineira esténdese tamén polas cuadrículas de Balboa e Outeiral, sen embargo a maior parte da superficie afectada atópase nesta cuadrícula.
- Balboa (Núm. de rexistro OU/C/04385): A concesión foi outorgada o 26 de abril de 1984 e caducou o 9 de setembro de 2016. Trátase da mesma explotación que a situada na cuadrícula nomeada Paraboa.
- Outeiral (Núm. de rexistro OU/C/04386): A concesión foi outorgada o 24 de abril de 1984 e caducou o 21 de novembro de 2016. Trátase da mesma explotación que a situada na cuadrícula nomeada Paraboa.
- Quintela (Núm. de rexistro OU/C/04308): A concesión foi outorgada o 11 de outubro de 1983 e caducou o 9 de setembro do 2017. Nesta explotación non se levou a cabo a restauración. Sen embargo, ao levar moitos anos abandonada, a vexetación foise asentando no terreo. Quedaron tamén casetas de pedra. Non existe perigo de

desprendemento, mais si de caída en altura, polo que se instaláron vallas e sinais para indicar do perigo ás posibles persoas que se acheguen.

- San Cosme (Núm. de rexistro OU/C/04310): A concesión foi outorgada o 11 de outubro de 1983 e caducou o 23 de xuño do 2017. Nesta cuadrícula houbo actividade extractiva fai uns 20 anos, pero non foi restaurada, só se instalou algunha valla en zonas con perigo de caída en altura.
- Ferrachín I (Núm. de rexistro OU/C/04737.1): A concesión foi outorgada o 11 de xaneiro do 2000 e caducou o 9 de setembro do 2016. Nesta cuadrícula houbo un pouco de actividade extractiva, pero non foi restaurada.
- Forreiro (Núm. de rexistro OU/C/04478): A concesión foi outorgada o 13 de maio de 1987 e caducou o 9 de setembro do 2016. Nesta concesión non se chegou a levar a cabo ningunha actividade.
- Tártara dos Prados (Nº de rexistro OU/C/04493): A concesión foi outorgada o 11 de marzo de 1987 e caducou o 13 de xullo do 2017. Non existe constancia de que se levara a cabo actividade extractiva nesta cuadrícula.
- Carraceda (Núm. de rexistro OU/C/04494): A concesión foi outorgada o 11 de marzo de 1987. Non consta data de caducidade da concesión, sen embargo a súa vixencia era ata o 15 de abril do 2017. Non existe constancia de que se levara a cabo actividade extractiva nesta cuadrícula.
- Sierra de Pites 2 (Núm. de rexistro OU/C/04655.2): A concesión foi outorgada o 28 de xaneiro de 2010, e está vixente ata o 28 de xaneiro de 2040. Esta cuadrícula colle unha pequena parte do monumento no seu límite suroeste. Non existe constancia de que se levara a cabo actividade extractiva nesta cuadrícula.

Segundo os datos consultados no Centro Catastral Mineiro de Galicia e no Servizo de Minas de Ourense, parte do monumento natural atópase dentro dunha zona de concesión da sección B, en concreto de aproveitamento de augas minerais, industriais e mananciais. Foi outorgada o 9 de maio do 2006 (OU/B/00031). Trátase do perímetro de protección do uso de augas que fai o Balneario de Berán (concello de Leiro).

Nos tres concellos da área de estudo existen explotacións agrícolas, sen embargo no interior do espazo protexido non se atopa uso agrícola, agás unha parcela de viñedos na zona nordeste, próxima á localidade de Orega. Existe tamén unha pequena superficie de pasto xunto á igrexa de Lamas e unha explotación apícola.

Existen tamén explotacións gandeiras de porcos nas zonas lindeiras, aínda que non dentro do espazo protexido. Existen algunhas explotacións gandeiras de équidos, vacún e ovellas.




Figura 18. Mapa dos tecores de caza que desenvolven a súa actividade no monumento natural.

- Tecor societario Corneira de Avia (OU-10.202): este tecor foi aprobado por Resolución da Consellería competente en materia de caza o 19.07.2002 cunha superficie de 6.154 ha, situadas nos concellos de Carballeda de Avia, Beade e Leiro. Este tecor é o que cubre a maior parte do monumento.
- Tecor societario Leiro (OU-10.184): este tecor foi creado no ano 2001 cunha superficie de 2.562 ha localizadas no concello de Leiro. Este tecor cubre unha pequena parte do sector norte do monumento.

Segundo os plans de ordenación cinexética do período 2016-2021 dos tecores Corneira de Avia e Leiro, as especies susceptibles de aproveitamento cinexético nestes tecores son as seguintes:

- Coello (*Oryctolagus cuniculus*)
- Lebre (*Lepus granatensis*)
- Raposo (*Vulpes vulpes*)
- Xabaril (*Sus scrofa*)
- Corzo (*Capreolus capreolus*)
- Lobo (*Canis lupus*)
- Perdiz (*Alectoris rufa*)
- Pombo torcaz (*Columba palumbus*)
- Rula común (*Streptopelia turtur*)

- Tordo charlo (*Turdus viscivorus*)
- Lavanco (*Anas platyrhynchos*)
- Pega (*Pica pica*)
- Corvo pequeno (*Corvus corone*)
- Corvo grande (*Corvus corax*)
- Estornio pinto (*Sturnus vulgaris*)
- Arcea (*Scolopax rusticola*)
- Tecor societario Avión (OU-10.176): foi aprobado o 10 de setembro do 2001 e conta cunha superficie de 4.887 ha, situado no concello de Avión. Cubre a parte suroeste do monumento que pertence ao concello de Avión. Segundo o seu plan del ordenación cinexética e o último plan de labores aprobado, as especies susceptibles de aproveitamento son as seguintes:
 - Coello (*Oryctolagus cuniculus*)
 - Lebre (*Lepus granatensis*)
 - Raposo (*Vulpes vulpes*)
 - Xabaril (*Sus scrofa*)
 - Corzo (*Capreolus capreolus*)
 - Perdiz (*Alectoris rufa*)
 - Pombo torcaz (*Columba palumbus*)
 - Rula común (*Streptopelia turtur*)
 - Arcea (*Scolopax rusticola*)
 - Agacha (*Gallinago gallinago*)
 - Paspallás (*Coturnix coturnix*)

b) Sector secundario

No interior da zona de estudo non se localizan actividades industriais. Só existía un almacén de lascas de madeira na entrada ao monumento dende a poboación de Orega.

No entorno do monumento natural existe unha planta de fabricación de compost (Compost Galicia S.A.) na parroquia de Santo Tomé de Serantes.

Existe tamén unha liña eléctrica de media tensión que atravesa o monumento de forma paralela á estrada. Esta liña entra no monumento en dous lugares, na zona noroeste, onde chega á poboación de Balde, e na zona nordeste, dando servizo á explotación mineira de Paraboa.

c) Sector terciario

Aínda que o número de persoas visitantes ao espazo natural non é excesivo, a declaración como monumento natural contribuíu a promocionalo como destino turístico. Ademais, é tamén un destino deportivo, posto que é unha das primeiras zonas de Galicia nas que se comezou a practicar escalada en bloque, ou búlder.

Como consecuencia destas actividades, o espazo conta con sendeiros habilitados, aparcadoiros, áreas recreativas e sinalética.

O concello de Leiro recuperou o edificio da escola rural de Lamas, para uso como centro social, e como sede a partir da cal se desenvolveron actividades ambientais. Durante os anos 2011, 2012 e 2013 na antiga escola realizáronse xornadas micolóxicas, rutas e sondaxes de fauna (anfíbios, morcegos, mamíferos e micromamíferos), dirixidos ao público xeral. Agora mesmo soamente se usa como centro social dos veciños e veciñas de Lamas.

No que se refire aos usos do solo, segundo ao Plan Xeral de Ordenación Urbanística de cada concello, estes pódense resumir que:

- a) No concello de Avión, con PXOM do 2007, os terreos pertencentes ao monumento natural están catalogados como solo rústico de protección forestal e deberían estar catalogados como solo rústico de protección de espazos naturais posto que, aínda que a normativa do PXOM é anterior a declaración do espazo como monumento natural, cumpre cos requisitos esixidos no plan xeral.

Segundo esta normativa, os usos permitidos con licencia municipal son:

- Actividades de ocio (práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades de venta ambulante)
- Actividades científicas, escolares e divulgativas
- Pechamento ou valado de predios

Ademais, os usos autorizables pola Comunidade Autónoma son:

- Accións sobre o solo ou o subsolo que impliquen movementos de terras
- Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo rural
- Instalacións relativas ás telecomunicacións, infraestrutura hidráulica, enerxía eléctrica, gas, auga ou saneamento.
- Instalacións de acuicultura
- Outras actividades vinculadas á conservación, utilización e goce do medio natural.

- b) No concello de Carballeda de Avia, con PXOM de 2002, o territorio correspondente ao monumento natural está catalogado, na maior parte da superficie como solo rústico de protección de espazos naturais (SRPEN).

O plan de ordenación establece que os únicos usos autorizables neste solo rústico son as construcións que garden relación coa natureza, extensión e destino da finca, ou coa explotación de recursos naturais, así como outras vinculadas á execución, mantemento e servizo de obras públicas. Calquera outro uso, requirirá de autorización previa do órgano autonómico competente, e non está permitido o uso residencial.

Prohíbense as talas de árbores sen autorización dos organismos competentes e que non estean xustificadas para a propia conservación do entorno natural delimitado.

Ademais de solo rústico de protección de espazos naturais, tamén se atopan as categorías de solo rústico de protección de leitos fluviais, solo rústico de protección de cultivos e solo rústico de protección de actividade extractiva.

- c) No concello de Leiro, con PXOM de 2010, o territorio municipal do monumento natural está catalogado na meirande parte da superficie como solo rústico de protección de espazo natural e a normativa non establece ningún uso global específico por considerarse que o destino dos terreos debe ser o seu estado natural



ou no seu caso, a utilización antrópica de carácter tradicional e extensiva, e as actividades de desfrute e lecer, en relación ao espazo natural.

Mediante licencia municipal pódese realizar:

- Usos e actividades non construtivos establecidos nas categorías B (actividades de lecer) e C (actividades científicas, escolares e divulgativas).
- Usos e actividades construtivas en categoría I (muros de contención, peches ou valados de fincas).

Mediante autorización autonómica previa están permitidos:

- Usos e actividades non construtivos vinculados á conservación, utilización e goce do medio natural, sempre que non atenten contra os valores obxecto de protección.
- Usos e actividades construtivas en categorías E (construcións e rehabilitacións destinadas a turismo no medio rural), F (instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións e outros servizos sempre que non impliquen urbanización ou transformación urbanística) e L (construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura). Así como os que podan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio.

Prohíbense o resto de usos, especialmente os usos residenciais e industriais.

Atópanse tamén dous enclaves de solo rústico de protección do patrimonio, que se corresponden co Outeiral de Pena Corneira e a igrexa de Lamas.

A actividade de escalada en bloque ou búlder lévase a cabo, dende os anos 60, no sector norte. Trátase dunha actividade que consiste na escalada libre dos grandes bolos graníticos que alí se atopan sen ningunha axuda de material, máis alá do uso dun colchón que se pon no solo para evitar danos en caso de caídas. As zonas de escalada están sinalizadas mediante un cartel informativo e diversos postes que identifican cada sección. Están delimitadas un total de 6 seccións. A elas accédese, na súa maior parte, dende o aparcadoiro da área recreativa de Leiro a través do sendeiro PR-G78, o resto do percorrido realízase fora de sendeiros.

En canto á escalada clásica unicamente se práctica para a ascensión ao cumio de Pena Corneira para o cal existen varias vías con ancoraxes na parede de rocha.

O monumento é percorrido por diversos regatos de pequena entidade; sen embargo non están habilitadas zonas para o baño nin se leva a cabo actividade de pesca recreativa.

No relativo ao uso residencial, nas proximidades do monumento natural existen pequenas poboacións como Orega, Faramontaos, ou Balde; así e todo, no interior do monumento non existen construcións destinadas á vivenda, a excepción das casas abandonadas no sur e unha casa localizada nas inmediacións da igrexa de Lamas.

No que respecta á oferta de servizos de hostaleira e aloxamento, estes atópanse fóra dos límites do espazo protexido.

5. ESTADO XERAL DE CONSERVACIÓN DO MONUMENTO NATURAL

Dada a fase inicial do procedemento de elaboración do plan de xestión, é moi cedo para establecer unha catalogación do estado de conservación do espazo e dos elementos clave para a súa conservación.

O estado actual de conservación do Monumento Natural da serra de Pena Corneira está afectado polos seguintes factores:

- Incendios: Contabilizáronse máis de 300 lumes rexistrados dende o ano 2000 nas parroquias que contan cunha parte significativa do seu territorio no interior do espazo protexido. O de maior afección foi o producido no mes de outubro de 2017. Este incendio afectou tanto á vexetación, como ós solos e ao equipamento (figura 25). Ardeu a meirande parte do monumento, quedando sen afectar tan só un par de pequenas manchas de bosque de frondosas, con predominio de carballos e, nunha delas, tamén presenza de castiñeiros, entre outros. O monumento presenta cursos de auga superficial que arrastraron o solo queimado dando lugar á contaminación das augas e á perda de solo. Moitas das infraestruturas tamén se viron afectadas polo incendio, as pasarelas e escaleiras localizadas no sector norte do monumento e que dan acceso ao miradoiro quedaron moi danadas e algunhas desapareceron totalmente, aínda que xa foron restauradas.



Figura 19. Imaxes de distintas zonas do monumento afectadas polos incendios de outubro de 2017 (fotos tomadas en febreiro de 2018).

- Outro impacto de gran importancia é o producido pola actividade extractiva de granito. Na actualidade non quedan actividades extractivas en activo, sen embargo non todas as zonas afectadas foron restauradas. En distintas zonas do monumento pódense observar os seguintes impactos principais derivados desta actividade:
 - Bolos graníticos expostos con cortes transversais.
- Grandes bloques cadrados de granito á beira do camiño que servían de linde.
 - Algunhas zonas que non foron restauradas presentan pendentes moi pronunciadas, sen embargo, debido ós anos que pasaron dende o seu abandono, a vexetación se atopa moi crecida.
 - Camiños de acceso con erosión tanto no camiño como nos seus noiros.
 - A explotación de Paraboa ten unha balsa onde se reportou a presenza de especies alóctonas de peixes.
 - Alto impacto paisaxístico.

- Repórtase tamén a presenza de especies vexetais invasoras, en concreto, a mimosa, que ten varias poboacións na área do monumento, dando lugar ao desprazamento das especies autóctonas.
- Outras posibles afeccións estarían relacionadas coas repoboacións forestais de piñeiros, a actividade cinexética e as pistas forestais.

Aínda que o uso público e a práctica da escalada non son actividades que, en principio, xeren impactos negativos no espazo, sería conveniente valorar a súa incidencia sobre o estado de conservación do monumento natural, e as consecuencias, tanto favorables como desfavorables, que o exercicio de ambas puidera causar no entorno.

6. IDENTIFICACIÓN PRELIMINAR DE PRESIÓNS E AMEAZAS

IDENTIFICACIÓN PRELIMINAR DE PRESIÓNS E AMEAZAS

Co fin de identificar os usos e actividades que puideran producir impactos negativos no monumento natural séguese o listado do apéndice E da Decisión 97/266/CE relativa a un formulario de información sobre un espazo proposto para a súa inclusión na Rede Natura 2000, na súa versión actualizada pola Decisión de Execución da Comisión, do 11 de xullo de 2011. A pesar de que A serra da Pena Corneira non está incluída en Rede Natura 2000, trátase dunha metodoloxía sinxela e aplicable noutros contextos que permite identificar de forma clara os usos que poidan ter un impacto no medio. Deste xeito, en primeiro lugar identificaranse os usos e actividades que se levan a cabo no monumento natural e no seu entorno, para posteriormente identificar os que se consideran compatibles coa conservación dos valores naturais que deron lugar á súa declaración como espazo protexido.

PRINCIPAIS USOS PRESENTES NO TERRITORIO

De xeito resumido, identifícanse no ámbito territorial do espazo protexido os seguintes usos ou presións susceptibles de ocasionar impactos sobre os valores naturais:

- **USOS FORESTAIS (B):** repoboacións, eliminación do sotobosque, clareo de bosques.
- **ACTIVIDADE MINEIRA E EXTRACTIVA (C):** minería a ceo aberto.
- **TRANSPORTES E REDES DE COMUNICACIÓN (D):** camiños, pistas, estradas e áreas de aparcamento, liñas eléctricas e de comunicación suspendidas.
- **USO DE RECURSOS BIOLÓXICOS DIFERENTES DA AGRICULTURA E DA SILVICULTURA (F):** actividade cinexética, recolección de fungos e setas.
- **INTRUSIÓNS HUMANAS E PERTURBACIÓNS (G):** tránsito de visitantes, actividades de sendeirismo, escalada, uso de vehículos motorizados e non motorizados, vandalismo.
- **RISCO DE CONTAMINACIÓN (H):** contaminación difusa por actividades agrícolas ou forestais, outras fontes puntuais de contaminación de augas superficiais (cinzas dos incendios), outros tipos de contaminación atmosférica (partículas de actividades extractivas), presenza de lixo e residuos sólidos, ruído.
- **ESPECIES INVASORAS (I):** presenza de especies invasoras non nativas e alóctonas.
- **MODIFICACIÓNS DO SISTEMA NATURAL (J):** incendios provocados, redución antropoxénica da conectividade do ecosistema, captacións de auga superficial para agricultura.

- **PROCESOS NATURAIS BIÓTICOS E ABIÓTICOS (K):** risco moderado de erosión en zonas puntuais.
- **CATÁSTROFES NATURAIS E ACONTECEMENTOS XEOLÓXICOS (L):** incendios naturais (por causas naturais como, por exemplo, un raio), tormentas e ciclóns.
- **CAMBIO CLIMÁTICO (M):** incremento das temperaturas medias anuais, secas e menos precipitacións.

No entorno do monumento natural identificáronse os mesmos usos que no seu interior xunto cos que se indican a continuación, que poderían causar algún tipo de impacto nos valores naturais obxecto do plan de xestión:

- **USOS AGRÍCOLAS E GANDEIROS (A):** modificación das prácticas de cultivo ou abandono de cultivos, pastoreo de gando non intensivo, granxas de gando e cría de animais, cultivos non madeirables anuais e perennes, uso de fertilizantes.
- **USOS URBANOS E DE DESENVOLVEMENTO RESIDENCIAL (E):** poboación dispersa, fábricas e naves industriais, construcións agrícolas e edificios na paisaxe.

USOS COMPATIBLES COA CONSERVACIÓN DO ESPAZO

De entre os usos e actividades que se desenvolven dentro do monumento natural, algúns deles non producen un impacto negativo nos valores naturais que deron lugar á declaración do espazo como protexido se se regulan de forma axeitada, podéndose considerar como compatibles coa súa conservación.

Polo tanto, faise necesario que estes usos potencialmente compatibles sexan caracterizados co fin de establecer unha serie de medidas de regulación que busquen potenciar as actividades que sigan criterios ecolóxicos e de sustentabilidade, garantindo un equilibrio entre o desenvolvemento sostible do espazo protexido e a conservación dos seus valores.

As seguintes actividades e usos potencialmente sostibles foron identificados no interior do monumento natural:

- a) **ACTIVIDADES DE RECOLLEITA DE RECURSOS BIOLÓXICOS:** utilízase unha zona do espazo protexido como souto no que recollen castañas para un consumo particular por parte dos veciños. Esta actividade non se constata que repercuta nunha actividade comercial, con aproveitamento do espazo protexido para obter un beneficio económico privado, polo que non se considera de grande impacto no espazo.
- b) **ACTIVIDADE CINEXÉTICA:** No monumento natural existen 3 tecores de caza que levan a cabo unha actividade regulada de caza. Co fin de potenciar a caza destas especies, nalgúns parcelas do monumento sementan centeo resistente mesturado con veza, segundo a época do ano, para que sirva de fonte de alimento. Realizan tamén labores de limpeza de camiños para poder facer posible o acceso a estas parcelas dun tractor ou dun coche.
- c) **USO RECREATIVO E TURÍSTICO DO ESPAZO:** o uso recreativo e deportivo do espazo permite achegar os valores de conservación e sustentabilidade á poboación, ao mesmo tempo que se potencia un modo de vida saudable. Así mesmo, a afluencia de persoas visitantes e deportistas impacta de forma positiva nos negocios das poboacións existentes no entorno. Este tipo de uso é, *a priori*, compatible coa conservación do medio natural, sempre que se realice de forma regulada e se leven a cabo medidas enfocadas a informar sobre os valores naturais e a importancia da súa conservación, que exista unha correcta sinalización dos camiños e da regulación dos

usos permitidos (escalada en bloque, tránsito de bicicletas, percorrido fora dos camiños, etc.).

3. XUSTIFICACIÓN DA RELEVANCIA DO ESPAZO

A Lei 5/2019, do 2 de agosto, define no seu artigo 25 os monumentos naturais como “espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial”. Considéranse tamén monumentos naturais os seguintes elementos que fosen expresamente declarados como tales: as árbores senlleiras e monumentais, as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos, os estratotipos e os demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou a importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

O **Decreto 264/2007**, do 20 de decembro, polo que se declara monumento natural a serra de Pena Corneira, na provincia de Ourense indica na súa exposición de motivos que a importancia desta zona ven dada pola masa plutónica que dá lugar a un batolito de 18 km en sentido meridiano e 7 km en sentido este-oeste constituído por rochas graníticas hercínicas, da época postcinemática, de composición xeral calcoalcalina e subalcalina, aparecendo granitos biotíticos e granodioritas biotítico-anfibólicas, aínda que non todo o macizo presenta facies similares, sendo esta diferenciación cristalina a que deu lugar a diferenzas na evolución xeomorfolóxica que fixeron posible a existencia do macizo de Pena Corneira e as súas formas asociadas: cristas graníticas, domos, alvéolos, corredores deprimidos e caos de bolos.

Dentro de todo este afloramento de rochas graníticas destaca unha singular rocha que lle da nome á serra: a Pena Corneira, de 10 m de altura que preside o espazo natural. Todo este macizo granítico reúne un interese especial pola súa singularidade e importancia dos seus valores científicos, culturais e paisaxísticos.

4. RÉXIME DE PROTECCIÓN APLICABLE

O réxime de protección aplicable aos monumentos naturais é o establecido no artigo 25 da Lei 5/2019, do 2 de agosto que no seu punto 3 indica que nestes espazos limitárase con carácter xeral a explotación dos recursos, agás cando esta explotación sexa plenamente coherente coa conservación dos valores que se pretenden protexer, conforme o establecido nas súas normas de declaración ou xestión, ou naqueles casos en que, por razóns de investigación ou conservación ou por se tratar de actividades económicas compatibles cun mínimo impacto e que contribúan ao benestar socioeconómico ou da poboación, se permita a devandita explotación, logo de autorización administrativa.

Esta disposición é coincidente, a súa vez, co establecido no artigo 34 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

O Decreto 264/2007, de 20 de decembro, de declaración do monumento natural da serra de Pena Corneira, establece unha serie de normas de xestión para os usos e aproveitamentos do monumento natural. Así o seu artigo 5 indica que so se admitirán aqueles que non poñan en perigo a xea, fauna e flora, así como os seus propios ecosistemas e hábitats naturais ou a singular beleza da súa paisaxe. Por tal motivo, poderá seguir levándose a cabo, de xeito ordenado, os usos e actividades tradicionais que non poñan en perigo os valores naturais deste espazo.

O seu artigo 6 establece unhas medidas de protección que supoñen a prohibición de realizar os seguintes usos e actividades:

- A realización de acampadas ou o establecemento de campamentos;
- A realización de desmontes ou terrapléns;
- As verteduras ou acumulación de entullos de calquera natureza;
- As queimas, agás aquelas ordenadas polos servizos de extinción de incendios forestais que sexan necesarias para garantir condicións axeitadas de extinción;
- A fixación ou colocación de carteis ou anuncios publicitarios, agás os que teñan relación coa defensa e sinalización do propio monumento natural;
- A instalación de antenas, repetidores e outros equipamentos de comunicación;
- A instalación de novos tendidos eléctricos e telefónicos;
- O establecemento de infraestruturas que menoscaben a calidade paisaxística do contorno;
- A recolla de especies de flora silvestre sen autorización da consellería competente en materia de ambiente;
- Os usos urbanos residenciais.

Ademais establece unha limitación para a circulación de vehículos fora dos camiños e vías existentes, agás os vehículos e maquinaria propios da actividade agrícola e forestal, a empregada para o servizo das instalacións públicas existentes ou a utilizada por parte dos servizos públicos de emerxencia.

Tamén prohibe calquera tipo de acción que poida supoñer a destrución ou alteración dos hábitats naturais identificados na área como de especial interese ou prioritarios, de acordo co disposto na Directiva 93/42/CEE.

O artigo 7 prevé a suspensión de toda actividade que non dispoña da preceptiva autorización, que non se axuste ás condicións da autorización outorgada, que incumpra o establecido na autorización ou na lei ou que atente contra a conservación e a protección do monumento natural serra de Pena Corneira.

A súa disposición adicional única regula que as explotacións mineiras existentes con anterioridade á entrada en vigor deste decreto poderán seguir mantendo a súa actividade sempre que estean legalmente autorizadas.

5. LIÑAS BÁSICAS DO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN

O instrumento de planificación dos monumentos naturais, de acordo co establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto, son os plans de xestión. Estes plans establecerán o réxime de usos e actividades permisibles e as limitacións que se consideren necesarias para a conservación destes espazos, así como as medidas para a conservación de hábitats e especies.

O seu contido mínimo ven recollido no artigo 60 da lei, debendo observar, como mínimo, os seguintes puntos:

- A delimitación do seu ámbito de protección;
- A identificación dos valores que hai que protexer, o seu estado de conservación e os posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais;



- Os obxectivos de conservación;
- As normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais;
- As normas relativas ao uso público, así como as actividades científicas e educativas,
- A programación das actuacións que se van a desenvolver no espazo natural;
- O programa de seguimento;
- A identificación das medidas para garantir a conectividade ecolóxica, establecendo ou restablecendo uns corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade;
- Os instrumentos financeiros precisos para cumprir os fins perseguidos coa declaración do espazo.

Neste marco normativo desenvolverase o plan de xestión do monumento natural a serra de Pena Corneira que terá os seguintes contidos:

- Unha introdución onde se analizará a normativa sectorial de aplicación no ámbito do monumento natural;
- A delimitación do ámbito de protección do espazo, tendo en conta o establecido no Decreto de declaración;
- A identificación dos valores que hai que protexer, o seu estado de conservación e os posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais. Este apartado se centrará nunha descrición dos principais elementos do espazo, que incluírá:
 - O medio físico e abiótico;
 - O medio biótico;
 - A paisaxe;
 - O medio socioeconómico, prestando especial importancia aos usos e aproveitamentos que se veñen desenvolvendo no espazo.

Este apartado conterá tamén unha identificación das presións e ameazas, para o que se seguirá o listado do apéndice E da Decisión 97/266/CE, na súa versión actualizada. Aínda que a serra de Pena Corneira non está incluída na rede Natura 2000, considerase que é unha metodoloxía sinxela que pode resultar aplicable noutras categorías de espazos naturais protexidos e que permite identificar de forma clara as afeccións que determinados usos e actividades poden ter sobre o medio.

- A determinación dos obxectivos de conservación do espazo;
- Un apartado normativo que contará con:
 - As normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais;
 - As normas relativas ao uso público, así como as actividades científicas e educativas.

Este apartado tamén establecerá unhas directrices que serán vinculantes en canto aos seus fins para os distintos departamentos das administracións públicas, así como para a realización dos informes e autorizacións por parte da consellería con competencias en materia de conservación do patrimonio natural.



- A programación das actuacións que se van desenvolver no espazo natural. Estas actuacións serán tanto para a mellora e/ou o restablecemento do estado de conservación dos valores xeomorfolóxicos, paisaxe, hábitats e especies do espazo protexido como para a mellora dos usos e aproveitamentos ou do uso público e do estudo e difusión dos valores patrimoniais do espazo protexido.

Nestas actuacións incluírase, en caso de ser necesario por observar problemas de conectividade con outros espazos a identificación das medidas para garantir a dita conectividade ecolóxica, establecendo ou restablecendo uns corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade.

Cada unha das actuacións proxectadas levará aparellada información sobre o custo estimado e os instrumentos financeiros precisos para cumprir os fins perseguidos coa declaración do espazo;

- O programa de seguimento. Este programa permitirá determinar o nivel de desenvolvemento e o grado do seu cumprimento, así como a eficacia destas actuacións para facer cumprir os obxectivos propostos. Levarase a cabo mediante a análise e valoración dos indicadores establecidos para verificar o cumprimento dos obxectivos do plan;
- Como información adicional para a mellora da planificación o plan levará a cabo:
 - Un inventario e caracterización dos recursos paisaxísticos do plan;
 - Unha análise das infraestruturas de uso público e un estudo sobre a capacidade de carga. A capacidade de acollida ou carga determina un nivel máximo de visitas que unha área pode recibir nun período de tempo, reducindo o impacto ambiental e aumentando a satisfacción das persoas. Trátase dunha ferramenta de carácter práctico que permite aos xestores dos espazos protexidos a toma de decisións de cara á planificación e á compatibilidade do uso público coa conservación do patrimonio natural;
 - Unha análise da conectividade do monumento natural para poder identificar aquelas áreas que, formando parte da contorna do espazo e a súa conca visual e paisaxística presenten unhas características xeográficas que favorezan o movemento das especies con outros espazos, como os espazos da rede Natura 2000 ou as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) delimitadas ao abeiro do Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo da Paisaxe de Galicia.

A información sobre a conectividade ecolóxica é fundamental para mellorar a xestión dos espazos protexidos, que pasan de ser xestionados de forma illada, a ser tratado como parte dunha rede interconectada. Esta rede permite a conservación da biodiversidade, non só dentro dos espazos protexidos, senón tamén na matriz territorial onde se mesturan zonas de hábitats naturais con outras sometidas a usos de diferente intensidade.

Para a análise desta conectividade empregarase unha metodoloxía que permita analizar tanto a conectividade estrutural coma a funcional;